

## Bases das axudas a viaxes para a promoción internacional da música

### Convocatoria 2020

Nesta convocatoria o importe total das axudas terá unha contía de 30.000 euros

#### Primeira: solicitantes

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por autores e editores socios da SGAE que desenvolvan a súa actividade principal na composición ou escritura de letras no campo da música contemporánea e sinfónicas como nos do pop, rock, jazz, músicas para o audiovisual, electrónica, flamenco, worldmusic, experimental, hiphop, etc., ou na edición musical. Un mesmo autor ou editor non poderá recibir máis dunha axuda a viaxes no mesmo ano.

#### Segunda: tipoloxía dos proxectos

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria os proxectos enviados polos solicitantes que cumpran coa cláusula primeira destas Bases e que contemplan a presenza do autor nun festival, certame, feira, mercado ou outro tipo de evento orientado á promoción internacional da súa obra e que teña lugar nun país distinto ao da residencia do autor. Esta axuda non contempla a realización de presentacións musicais. No caso de proxectos de obras en coautoría, cada unha das persoas autoras da obra poderá solicitar de forma individual esta axuda.

O proxecto deberá ser presentado acompañado da súa descrición e un cronograma detallando a data e lugar de desenvolvemento do evento. O proxecto debe ir acompañado da documentación necesaria que demostre a participación do autor ou editor no evento. O proxecto debe realizarse entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2021.

Un mesmo proxecto non poderá ser presentado en máis dunha convocatoria da Fundación SGAE.

#### Terceira: achega da Fundación SGAE

A contía máxima atribuíble a cada solicitude non poderá superar os 2.000 € (impostos incluídos). O pagamento realizarase conforme ao establecido na cláusula oitava destas mesmas Bases, mediante un documento de pago vinculado ao convenio e aplicando as oportunas retencións de IRPF.

#### Cuarta: documentación

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Copia do NIF/NIE/Pasaporte/CIF.
3. As persoas xurídicas deberán presentar obrigatoriamente:
  - a. Copia da tarxeta do CIF.

- b. Copia autorizada da escritura de constitución da persoa xurídica (sociedade mercantil, asociación ou fundación) debidamente inscrita no rexistro que corresponda (Rexistro Mercantil, Rexistro de Asociacións ou Rexistro de Fundacións).
- c. Copia autorizada da escritura co cargo da persoa/s administradora/s vixente/s no caso de sociedades mercantís.
- d. No caso de asociacións e fundacións:
  - i. Estatutos vixentes da asociación ou fundación.
  - ii. Resolución do Rexistro de Asociacións ou do Rexistro de Fundacións, segundo corresponda, coa inscrición dos cargos vixentes da Xunta Directiva (asociacións) ou do Padroado (fundacións).

- 4. Currículo da/o solicitante.
- 5. Descrición do proxecto para o que se solicita a axuda e cronograma.
- 6. Orzamento detallado de custos.
- 7. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.
- 8. Autorización dos autores solicitantes a favor da Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. Se os/as solicitantes fosen persoas xurídicas deberán presentar autorización dos/as autores/as ou intérpretes que representen para que a Fundación SGAE poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web da Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.

#### **Quinta: criterios de avaliación**

Para a avaliación dos proxectos recibidos, valoraranse especialmente os seguintes aspectos:

- 1. Facilitar a relación da autoría co conxunto da sociedade, promover a pedagogía social sobre o dereito de autor e impulsar o acceso á cultura.
- 2. Fomentar as novas expresións artísticas e os proxectos multidisciplinares no conxunto do repertorio sobre o que traballa a Fundación SGAE.
- 3. Colaborar con outras institucións e organizacións.
- 4. Fomentar a participación das autoras.

Ademais, terase en conta a viabilidade do proxecto acorde aos orzamentos presentados, a potencial repercusión sociocultural deste e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas.

#### **Sexta: presentación de solicitudes e prazo**

O formulario de solicitude estará dispoñible na web da Fundación SGAE [www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org). Deberá usarse o formato electrónico do formulario, e será necesario encher todos os campos. A Fundación SGAE avisará do recibimento de todas as solicitudes e notificaralles, a aqueles que non presentasen toda a documentación esixida, os documentos que faltasen. As solicitudes que non acheguen a documentación solicitada nas presentes Bases terán un prazo máximo de 15 días para a súa emendades de a notificación correspondente. A

solicitude considerarase non presentada se no devandito prazo non fan as emendas que se indicasen.

O prazo de presentación das solicitudes para a convocatoria 2020 de axudas a viaxes para a promoción internacional da música iniciarase o martes 25 de febreiro de 2020, e manterase aberto ata as 24:00 do venres 27 de novembro de 2020. As solicitudes recibidas fóra deste prazo serán desestimadas. No entanto, dentro dese período temporal faranse catro cortes para a selección de proxectos de forma que haxa unha avaliación periódica destas. O período de avaliacións será o seguinte:

- a. Primeiro corte: avaliará todas as solicitudes que se recibiron ata o 8 de maio de 2020.
- b. Segundo corte: avaliará todas as solicitudes que se recibiron desde o 9 de maio ata o 10 de xullo de 2020.
- c. Terceiro corte: avaliará todas as solicitudes que se recibiron desde o 11 de xullo ata o 11 de setembro de 2020.
- d. Cuarto corte: avaliará todas as solicitudes que se recibiron desde o 12 de setembro ata o 27 de novembro de 2020.

**Sétima: procedemento e resolución de solicitudes**

1. Un Comité de Avaliación encargarse de estudar e avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas Bases.
2. O Comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución seralles comunicada a todos os interesados por escrito.
3. A resolución do Comité será inapelable.

**Oitava: formalización da colaboración**

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as Bases establecidas neste documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pago.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final).

A Fundación SGAE solicitaralle ao beneficiario da axuda a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para proporcionar esa documentación será de dous (2) meses, que comezarán a contar desde que a Fundación SGAE a solicítase. Se o/a seleccionado/a non entrega a documentación nese prazo, perderá o dereito á axuda. Toda a

documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a Fundación SGAE faralle chegar ao beneficiario da axuda o convenio para subscribir entre as partes. O/a beneficiario/a terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañado de documento de pagamento ou factura (segundo o caso) para o cobro da axuda. A non entrega do convenio ou do documento ou factura para o pagamento no citado prazo faralle perder ao/a beneficiario/a a axuda.

#### **Novena: Deber de confidencialidade e protección de datos persoais**

Toda a información que as partes fornezan na xestión do proxecto ten carácter confidencial e non poderá ser revelada a terceiros nin utilizada para fins distintos aos establecidos, salvo as excepcións determinadas pola lexislación vixente.

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos, e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, para a atención de Servizos xurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

#### **Décima: normas xerais**

1. A presentación da solicitude por parte do solicitante implica a aceptación tácita deste das condicións.
2. O solicitante exime á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o solicitante respecto da realización e desenvolvemento do proxecto.

Para máis información: [informacion@fundacionsgae.org](mailto:informacion@fundacionsgae.org)